

Nota 4

REGRA DA SUMA

As seguintes regras, sobre a suma de substancias perigosas, ou categorías de substancias perigosas, serán de aplicación cando proceda.

No caso de que nun establecemento non esté presente ningunha substancia perigosa en cantidade igual ou superior á cantidade umbral correspondente, aplicarase a seguinte regra para determinar se son aplicables a dito establecemento os requisitos pertinentes da presente Directiva.

Aplicarase a presente Directiva aos establecementos de nivel superior se a suma:

$q_1 / Q_{U1} + q_2 / Q_{U2} + q_3 / Q_{U3} + q_4 / Q_{U4} + q_5 / Q_{U5} + \dots$ e igual ou maior que 1, sendo:

q_x = a cantidade da substancia perigosa ou categoría de substancias perigosas x contemplada na parte 1 ou na parte 2 do presente anexo, e

Q_{UX} = a cantidade umbral pertinente para a substancia perigosa ou categoría x da columna 3 da parte 1 ou da columna 3 da parte 2 do presente anexo.

A presente Directiva aplicarase aos establecementos de nivel inferior se a suma:

$q_1 / Q_{L1} + q_2 / Q_{L2} + q_3 / Q_{L3} + q_4 / Q_{L4} + q_5 / Q_{L5} + \dots$ e igual o maior que 1, sendo:

q_x = a cantidade da substancia perigosa ou categoría de substancias perigosas x contemplada na parte 1 ou na parte 2 do presente anexo, e

Q_{LX} = a cantidade umbral pertinente para a substancia perigosa ou categoría x da columna 2 da parte 1 ou da columna 2 da parte 2 do presente anexo.

Esta regra utilizarase para valorar os perigos para a saúde, perigos físicos e perigos medioambientais. Polo tanto, aplicarase tres veces:

- para a suma das substancias perigosas enumeradas na parte 2 que entran nas categorías 1, 2 ou 3 (por inhalación) de toxicidade aguda ou na categoría 1 STOT SE, xunto coas substancias perigosas incluídas na sección H, subseccións H1 a H3, da parte 1;
- para a suma das substancias perigosas enumeradas na parte 2 consistentes en explosivos, gases inflamables, aerosois inflamables, gases comburentes, líquidos inflamables, substancias e misturas perigosas que reaccionan espontaneamente, peróxidos orgánicos, líquidos e sólidos pirofóricos, líquidos e sólidos comburentes, xunto coas substancias incluídas na sección P, subseccións P1 a P8, da parte 1;
- para a suma das substancias perigosas enumeradas na parte 2 que entran, como substancias perigosas para o medio ambiente acuático, nas categorías 1 de toxicidade aguda, 1 de toxicidade crónica ou 2 de toxicidade crónica, xunto coas substancias perigosas incluídas na sección E, subseccións E1 e E2, da parte 1.

Aplicaranse as disposicións pertinentes da presente Directiva se algunha das sumas obtidas en a), b) ou c) e igual ou maior que 1.